

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 15 DE ABRIL DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 15 de abril de dous mil vinte; as once horas da maña xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

-Escrito de don Roberto García González , en calidad de secretario xeral da Organización Profesional Agraria Unións Agrarias UPA no que solicita que a traveso do concello se nos suministre unha cantidade de mascarillas desbotables para poder exercer o noso traballo , e os agricultores/as e gandeiros/as as súas obrigas coa Administración Tributaria, sen riscos.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista de Ribadavia , con rexistro de entrada no concello número 1537 de 3 de abril de 2020:

“ As novas tecnoloxías mudaron a nosa sociedade . Son moitos os mozos/as que naceron na era dixital e coas novas tecnoloxías.

Esta nova situación do covid-19 que estamos a sufrir , obligou a incorporar de xeito positivo a formación dixital cos seus mestres e profesores diariamente para dar continuidade ao seu desenrollo formativo.

O Grupo Municipal Socialista de Ribadavia , cremos que ainda así, existen , numerosas familias con fillos/as en idade escolar que non dispoñen nas súas casas de conexión a internet para poder

descargar material ou abrir os seus correos electrónicos e conectarse cos seus mestres e profesores.

Polo que solicitamos:

-Se busque o xeito de facilitar a descarga da documentación aos alumnos /as que o precisen, ben sexa por medio da Biblioteca Municipal e/ou concello, previa solicitude formal.

-Se anuncie por medio de Bandos, páxina oficial do concello de Ribadavia e nas redes sociais que os veciños/as de edificios que dispoñan de internet e que coñezan rapaces nesta situación, e así o consideren, deixen aberta a súa wifi en horario de mañan deixando un aviso no portal.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista de Ribadavia , con rexistro de entrada no concello número 1558 de 3 de abril de 2020:

O Grupo Municipal de Socialista de Ribadavia, en relación á situación do Covid-19 que estamos a padecer , mantivemos unha xuntanza cun empresario de Ribadavia.

Durante o estado de alarma son imprescindibles as lavanderías , por elo, o propietario desta empresa de Ribadavia

Diego Soto Escudero. Lavandería Tu colada veloz. Rúa Jose María Martínez nº2 baixo, 32400 Ribadavia.

Pon a disposición a súa lavandeiría de xeito gratuito , co fin de buscar a protección e manter a seguridade de aqueles que nos asisten, como é o persoal municipal, policía local, emergencias, GES, auxiliares axuda fogar, Persoal do asilo... persoal que ten que facer tarefas durante o estado de alarma nestes duros momentos.

Así llo fixemos chegar ao Alcalde de Ribadavia e demais grupos da Corporación Municipal na xuntanza telemática desta maña.

O Grupo Socialista , admiramos e agradecemos este acto de solidariedade e humanidade tan importante por parte deste veciño, facendonos sentir que a sociedade está cerca e que un acto así é moi valorado e causa un efecto emocional que nos fai sentir que non estamos sós nesta causa , así llo fixemos chegar ao Alcalde de Ribadavia e demais grupos da Corporación Municipal.

Solicitamos:

Que o concello instaure os mecanismos para poder levar a cabo esta iniciativa por parte do

empresario.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Deputación Provincial de Ourense comunicando a adxudicación do contrato de servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto, dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde da obra “ Acondicionamiento de la calle Piñeiral” nº73/POS/2020 , a Consultoria Inrupre SL.

-Notificación de decreto da presidencia da Deputación Provincial de Ourense incoando expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao abeiro do programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provinciais durante o exercicio 2019 ao concello de Ribadavia.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e indicar que xa se tiña presentado á renuncia á subvención por parte do concello de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PRORROGA DO CONTRATO DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN CO SERVIZO DE RECADACIÓN DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Visto o Real Decreto Lei 8/2020 de 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para fazer fronte ao impacto económico e social do Covid-19, Artigo 34 Medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do Covid-19.

Apartado 1, inciso penúltimo:" Asemade, en aquellos contratos públicos de servizos e suministros de prestación sucesiva, cando ao vencemento dun contrato non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación como consecuencia da paralización dos procedementos de contratación derivada do disposto no Real Decreto 463/2020 , de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 , e non puidera formalizarse o correspondente novo contrato , poderá aplicarse o previsto no ultimo párrafo do artigo 29.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector publico , con independencia da data de publicación da licitación do novo expediente.”

Vista a Lei de Contratos do Sector Publico, artigo 29.4, párrafo final:

“ Non entanto o establecido nos apartados anteriores, cando ao vencemento dun contrato non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interrumpir a prestación, se poderá prorrogar o contrato orixinario ata que comence a execución do novo contrato e entodo caso por un período máximo de nove meses sen modificar as restantes condicións do contrato , sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se tiña publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

Considerando que con data de 30 de abril de 2019 en documento de formalización consta:

“Y conviniendo ambas partes, en calidad de adjudicador y adjudicatario , el presente contrato , lo formalizan en este documento administrativo , con arreglo a las siguientes cláusulas:

PRIMERA Don Celso Marino Núñez , NIF ++++++ , en representación de la entidad Catoure SL con NIF B 32116188. se compromete a la realización del contrato de servicios complementarios y de colaboración del servicio de recaudación del ayuntamiento de Ribadavia en las condiciones de la oferta presentada con fecha de 4 de abril de 2019 a través de la Plataforma de Contratación del Estado.

SEGUNDA El plazo de ejecución del contrato se extiende hasta el 30 de abril de 2020.

TERCEIRA. Don Celso Mariño Moure en representación de Catoure SL presta conformidad al Pliego de Condiciones que es documento contractual, firmándolo en este momento y se somete para lo no establecido en él , a la Ley 9/2017 de contratos del sector público , al Real Decreto 817/2009 y al Real Decreto 1098/2001 , que aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas., supletoriamente se aplicarán las restantes normas de derecho administrativo y, en su defecto, las normas de derecho privado.

El presente contrato se extiende en dos ejemplares y a un único efecto en Ribadavia a 30 de abril de 2019.”

Considerando que con data de 30 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno Local do concello de Ribadavia adoptou o seguinte acordo:

Acuerdo de inicio del expediente de contratación de “CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN CON EL SERVICIO DE RECAUDACIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA”

Visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre , de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE ,de 26 de febrero de 2014, y en ejercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 17 de junio de 2019,

La Junta de Gobierno Local acuerda:

PRIMERO.- Aprobar el expediente de contratación , mediante procedimiento abierto para “ Contrato de servicios de colaboración con el servicio de recaudación del ayuntamiento de Ribadavia ”, convocando su licitación.

SEGUNDO .Aprobar el gasto correspondiente a la anualidad de 2020 por importe de 70000 euros, IVA incluido.

TERCERO.- Aprobar los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato.

CUARTO.- Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el Anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre ,de Contratos del Sector Público.

QUINTO.- Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas. La documentación necesaria para la presentación de las ofertas tiene que estar disponible el mismo día de la publicación del anuncio de licitación.

SEXTO.- Finalizado el plazo de presentación de las proposiciones, se procederá a la apertura de las proposiciones y a su valoración.

SEPTIMO.- Efectuada la valoración de las proposiciones y la propuesta de adjudicación, se procederá a la adjudicación.

Considerando que a prórroga do contrato é imprescindible para a continuidade no normal funcionamento do concello e a continuidade na prestación dos servizos públicos.

Vistos os informes de secretaría e intervención.

A xunta de goberno,en exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de data 17 de xuño de 2019, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Aprobar a prórroga do contrato de servizos complementarios e de colaboración do servizo de recadación do concello de Ribadavia ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, de conformidade co establecido no artigo 34.1 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para fazer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 en concordancia co artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

SEGUNDO. Aprobar e dispor o gasto correspondente.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

PRORROGA DO CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA PARA O FUNCIONAMENTO DO APARCAMENTO DA ALAMEDA DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Visto o Real Decreto Lei 8/2020 de 17 de marzo de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente ao impacto económico e social do Covid-19, Artigo 34 Medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do Covid-19.

Apartado 1, inciso penúltimo:" Asemade, en aquellos contratos públicos de servizos e suministros de prestación sucesiva, cando ao vencemento dun contrato non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación como consecuencia da paralización dos procedementos de contratación derivada do disposto no Real Decreto 463/2020 , de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 , e non puidera formalizarse o correspondente novo contrato , poderá aplicarse o previsto no ultimo párrafo do artigo 29.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector publico , con independencia da data de publicación da licitación do novo expediente.”

Vista a Lei de Contratos do Sector Publico, artigo 29.4, párrafo final:

“ Non entanto o establecido nos apartados anteriores, cando ao vencemento dun contrato non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimentos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interrumpir a prestación, se poderá prorrogar o contrato orixinario ata que comence a execución do novo contrato e entodo caso por un período máximo de nove meses sen modificar as restantes condicións do contrato , sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se tiña publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

Considerando que con data de 18 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno Local do concello de Ribadavia adoptou o seguinte acordo:

APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN Y ASISTENCIA EN EL FUNCIONAMIENTO , CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO DEL APARCAMIENTO DE LA ALAMEDA DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.

Examinada la documentación que la acompaña, visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, en ejercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de 17 de junio de 2019,

RESUELVO

PRIMERO. Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto para el **CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN Y ASISTENCIA EN EL**

FUNCIONAMIENTO, CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO
DEL
APARCAMIENTO DE LA ALAMEDA DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA, convocando
su licitación.

SEGUNDO. Aprobar los Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares y de Prescripciones Técnicas que regirán el contrato.

TERCERO. Aprobar el gasto correspondiente a la anualidad de 2020 por importe de 73.302.65, para lo cual existe dotación presupuestaria adecuada y suficiente en el vigente presupuesto municipal.

CUARTO.-Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

QUINTO. Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas.

Considerando que a prórroga do contrato é imprescindible para a continuidade no normal funcionamento do concello e a continuidade na prestación dos servizos públicos.

Vistos os informes de secretaría e intervención.

A xunta de goberno,en exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de data 17 de xuño de 2019, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Aprobar a prórroga do contrato de servizos de colaboración e asistencia para o funcionamento do aparcamento da Alameda do concello de Ribadavia ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, de conformidade co establecido no artigo 34.1 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para fazer frente ao impacto económico e social do COVID-19 en concordancia co artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

SEGUNDO. Aprobar e dispor o gasto correspondente.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE SERVICIOS DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DEL CONSEJO MUNICIPAL DE DEPORTES DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.

En relación al expediente de contratación en trámite de **CONTRATO DE SERVICIOS DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DEL CONSEJO MUNICIPAL DE DEPORTES DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA**

Vista el acta de la mesa de contratación formulando propuesta de adjudicación a favor de MOUXIÓN SL.

Considerando que con fecha de 13 de abril de 2020 la empresa Mouxión SL constituyó la garantía definitiva por importe de 6.446,28 euros.

La Junta de Gobierno Acuerda:

-Adjudicar el contrato de servicios de actividades físico -deportivas del Consejo Municipal de Deportes del ayuntamiento de Ribadavia a MOUXIÓN SL en las condiciones fijadas en la oferta presentada a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público con fecha de 10 de marzo de 2020.

-Aprobar el gasto.

-Publicar el presente acuerdo en el perfil del contratante en el plazo de quince días.

-Comunicar al contratista que la formalización del contrato se efectuará con fecha de 28 de abril de 2020 en horario de mañana, debiendo personarse un representante de la empresa para proceder a la formalización del mismo.

CERTIFICACIÓN Nº 2 DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NA RÚA NORTE, RUA CORRAL E TRAMO DE BEIRARUA NA RUA RÚA PROGRESO, RIBADAVIA ”.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 2 da obra denominada “Mellora da Pavimentación na rúa Norte, rua Corral e tramo de beirarúas na rúa Progreso de Ribadavia”, redactada polas Directoras da Obra, Dona Mercedes Alvarez López e Dona Begoña Arregui Rodriguez, executada pola empresa Desmaco S.L.U. por un importe total de 19.393,24 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 2, anteriormente indicada por importe de 19.393,24 euros, aboamento que se fará con cargo as aportacións da Dirección Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Desmaco S.L.U..co nº 200018 de data 01.04.2020, pola mesma cantidade.
3. Que se cumpliu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as once horas e dez minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certífico.